

## Enquisa aos demandantes de emprego

### METODOLOXÍA

---

#### 1. Obxectivos e utilidades

Os principais obxectivos da “Enquisa aos demandantes de emprego” son os seguintes:

- Estudo e caracterización dos demandantes de emprego
- Clasificación dos demandantes de emprego en relación coa actividade en poboación activa (ocupada e parada) e inactiva, segundo as directrices da *Organización Internacional do Traballo* (OIT)
- Investigar os motivos, a frecuencia, o tipo e os medios usados nas demandas de emprego en Galicia

#### 2. Ámbito de investigación

##### Ámbito poboacional

A poboación obxecto de investigación é o conxunto de DENOS, demandantes de emprego non ocupados segundo o rexistro de demandantes de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.

O conxunto de DENOS está formado polo paro rexistrado máis outros colectivos de demandantes de emprego non ocupados (demandantes de emprego conxuntural, demandantes de xornada < 20 horas, demandantes estudantes, demandantes de servizos previos ao emprego e traballadores eventuais agrarios subsidiados).

##### Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

##### Ámbito temporal

O ámbito temporal correspóndese coa data de referencia do 31 de outubro de 2008.

##### Períodos de referencia

Os períodos de referencia son distintos para as diversas variables recollidas na enquisa distinguíndose os seguintes:

**Semana de referencia.** É a semana inmediatamente anterior (de luns a domingo) á da entrevista. Este período de referencia utilízase nas variables de relación coa actividade.

**Períodos especiais.** No epígrafe de busca de emprego hai variables con períodos de referencia especiais como:

- O método ou métodos de busca activa de emprego, que utilizan un período de catro semanas que remata ao final da semana de referencia.
- A dispoñibilidade para traballar, que se refire aos quince días seguintes ao domingo da semana de referencia.

**Ano 2008.** Utilízase no apartado de “Experiencia laboral” e tamén na pregunta sobre os cursos de Formación Profesional Ocupacional (FPO).

**Momento actual.** Utilízase no resto de apartados da enquisa.

### 3. Definicións e aspectos metodolóxicos

#### Paro rexistrado

O concepto estatístico desta variable establéceo a Orde do 11 de maio de 1985 do Ministerio de Trabajo y Seguridad Social. Segundo esta disposición, o paro rexistrado compóñeno as demandas de emprego pendentes o último día do mes, excluindo as correspondentes ás seguintes situacións:

- Traballadores ocupados: os que solicitan un emprego para compatibilizalo co actual ou cambialo polo que teñen, os que están en suspensión ou redución de xornada por un expediente de regulación de emprego e os que están ocupados en traballos de colaboración social.
- Traballadores sen dispoñibilidade inmediata para o traballo ou en situación de incompatibilidade con este: xubilados, pensionistas de invalidez absoluta ou grande invalidez, persoas maiores de 65 anos, traballadores en situación de incapacidade temporal, maternidade ou baixa médica, demandantes que están cumprindo o servizo militar, estudantes de ensino oficial regulado, sempre que sexan menores de 25 anos ou demandantes do primeiro emprego e alumnos de formación profesional ocupacional, cando as súas horas lectivas superen as vinte semanais, teñan unha bolsa de manutención e sexan demandantes do primeiro emprego.
- Traballadores que demandan exclusivamente un emprego de características específicas tales como as seguintes: emprego a domicilio, por período inferior a tres meses, de xornada semanal inferior a 20 horas, para traballar no estranxeiro e os traballadores que se inscriben nas oficinas de emprego como requisito previo para participar nun proceso de selección para un posto de traballo determinado.

- Traballadores eventuais agrarios beneficiarios do subsidio especial por desemprego que están percibindo ou que, unha vez esgotado, non transcorre un período superior a un ano desde o día de nacemento do dereito.

### **Demandantes de emprego non ocupados**

O concepto de Demandante de emprego non ocupado (DENO) intenta aproximar o concepto de paro baseado nos criterios internacionais da Organización Internacional do Traballo (OIT). A súa definición non está regulada por ningún precepto legal e calcúlase a partir da cifra de paro rexistrado á que se lle suman os seguintes cinco colectivos que, segundo os criterios da OIT, poderían cumprir as condicións para ser considerados parados: os estudantes, os demandantes de servizos previos ao emprego, os demandantes de emprego conxuntural, os demandantes de emprego de xornada reducida (inferior a 20 horas) e os traballadores eventuais agrarios subsidiados.

### **Clasificación da poboación en relación coa actividade segundo os criterios da OIT**

*Activos.* É o conxunto de persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción. Por tanto, a poboación economicamente activa comprende todas as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia cumpren as condicións para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas.

*Ocupados.* Son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego esperan reincorporarse á súa empresa nun período inferior ou igual aos 3 meses ou están cobrando o 50% ou máis do seu salario.

*Parados.* Considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 e máis anos, que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente:

- Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.
- Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta **durante as catro semanas precedentes.**

- Dispoñibles para traballar, é dicir, en condicións de comezar a facelo **nun prazo de dúas semanas** a partir da data da entrevista.

Tamén se inclúen entre as persoas paradas aquelas que na semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar dentro das dúas semanas posteriores á da data da entrevista e que non están a buscar emprego porque xa atoparon un ao que se incorporarán dentro dos 3 meses posteriores á semana de referencia.

Así mesmo, son paradas as persoas ausentes do traballo como consecuencia dunha suspensión por regulación de emprego que non cobren a lo menos o 50% do seu salario e non crean poder incorporarse á empresa nun prazo de 3 meses, sempre que cumpran as condicións de busca activa de emprego e dispoñibilidade.

A partir do primeiro trimestre de 2002 entra en vigor o Regulamento 1897/2000 da Comisión Europea que introduce novas instrucións sobre cómo interpretar a busca activa de traballo.

Segundo este Regulamento, considéranse métodos activos de busca, nas catro semanas anteriores á entrevista, os seguintes:

- Estar en contacto cunha oficina pública de emprego co fin de atopar traballo, calquera que sexa a parte que tomase a iniciativa (a renovación da inscrición por razóns puramente administrativas non constitúe un método activo)
- Estar en contacto cunha oficina privada (oficina de emprego temporal, empresa especializada en contratación, ...) co fin de atopar traballo
- Enviar unha candidatura directamente aos empregadores
- Indagar a través de relacións persoais, por mediación de sindicatos, ...
- Anunciarse ou responder a anuncios de periódicos
- Estudar as ofertas de emprego
- Participar nunha proba, concurso ou entrevista, no marco dun procedemento de contratación
- Buscar terreos, locais ou material
- Realizar xestións para obter permisos, licenzas ou recursos financeiros

Estar preparando oposicións non se considera un método activo de busca de emprego.

**Os criterios conceptuais e metodolóxicos que clasifican a unha persoa como parada segundo as definicións da OIT difiren cos criterios do paro rexistrado. Esta enquisa intenta medir a proporción de persoas do paro rexistrado que se pode considerar parada segundo os criterios internacionais das enquisas de forza de traballo.**

*Inactivos.* A poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia. Distínguense as seguintes categorías funcionais:

- Persoas que se ocupan do seu fogar: persoas que, sen exercer ningunha actividade económica, dedícanse a coidar sen remuneración os seus propios fogares
- Estudantes: persoas que, sen exercer ningunha actividade económica, reciben unha instrución sistemática en calquera grao de educación
- Xubilados ou retirados: persoas que tiveron unha actividade económica anterior e que pola súa idade ou outras causas a abandonaron e que teñen como medio de vida as pensións obtidas con motivo da súa actividade anterior
- Persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e prexubilación
- Persoas que realizan sen remuneración traballos sociais, actividades de tipo benéfico, etc. (excluídos as axudas familiares)
- Incapacitados para traballar
- Outra situación: persoas que, sen exercer ningunha actividade económica, reciben axuda pública ou privada e todas aquelas que non estean incluídas en ningunha das categorías anteriores

### **Situacións profesionais**

*Asalariados.* Comprende a todas as persoas que na semana de referencia estiveran traballando para un empresario privado ou público a cambio dun soldo, salario, comisión, pagos segundo resultado, gratificación ou calquera outra forma de remuneración en metálico ou en especie. As persoas que traballan na empresa dun familiar percibindo unha remuneración regulamentada deben incluírse nesta categoría. Inclúense tamén como asalariados os socios ou traballadores das sociedades anónimas laborais que teñan unha situación laboral e legal de asalariados. As persoas que cumpran os requisitos para ser asalariados non perden dita condición aínda no caso de que paguen directamente os impostos por rendemento do traballo persoal e/ou as cotizacións á Seguridade Social. Os xestores, directores ou outros empregados asalariados que non son donos da empresa na que traballan, clasifícanse como traballadores por conta allea, aínda que exerzan as mesmas funcións que os empresarios coma, por exemplo, a contratación ou o despido, en nome das empresas, doutros traballadores.

Como regra xeral, pódese dicir que un asalariado é unha persoa remunerada directa ou indirectamente, en diñeiro ou en especie, en función da cantidade de traballo que realiza (incluído o pago a comisión), con independencia do valor da produción ou da rendibilidade do proceso produtivo. Pode ocorrer que por razóns legais un asalariado teña contrato como autónomo. Neste caso consideraremos a persoa coma asalariada se cumpre as condicións antes descritas. Polo contrario, un traballador independente recibe unha renda que está en función do valor da produción do proceso produtivo do que é responsable, sexa moito ou pouco o traballo aportado.

*Empresario/a ou traballador/a independente que non ten empregados.* É a persoa que leva a súa propia empresa ou exerce por conta propia unha profesión liberal, oficio, industria ou comercio e

non ten asalariados, aínda que pode recibir a axuda de colaboradores familiares non remunerados (axudas familiares). Inclúense baixo esta rúbrica os traballadores a domicilio cando non teñen contrato nin acordo laboral e a decisión sobre mercados, escalas de funcionamento e financiamento está nas mans do propio traballador que tamén posúe ou aluga os bens de equipo utilizados no proceso de produción ou cando a remuneración da persoa está en función dos ingresos ou beneficios procedentes da venda dos seus bens ou servizos.

*Axuda familiar.* Son as persoas que traballaron durante polo menos unha hora na semana de referencia, sen remuneración regulamentada, na empresa dun familiar co que conviven.

*Empresario/a ou profesional que emprega persoal.* Considérase nesta categoría toda persoa que leva a súa propia empresa, industria, comercio, explotación agrícola ou exerce pola súa conta unha profesión liberal ou oficio e que con este motivo contrata a un ou máis empregados ou traballadores aos que remunera mediante un soldo, xornal, comisión, etc.

Polo tanto inclúense neste apartado os patróns, empresarios ou os profesionais que empregan persoal asalariado. Tamén se inclúen nesta rúbrica os empresarios de empresas en franquicia que a través do contrato de franquicia, adquiren o dereito a realizar actividades de produción ou venda de produtos ou servizos baixo a razón social e marca dun empresario (franquiciador).

Os traballadores que teñen un emprego nunha empresa constituída en sociedade anónima (excepto sociedades anónimas laborais e cooperativas), sociedade limitada, etc., na que:

- sós ou xunto con outros membros da familia ou un ou varios socios, teñen unha participación significativa na empresa e
- teñen autoridade para actuar en nome da empresa no que se refire a firmar contratos con outras empresas ou organizacións e a contratar e despedir asalariados da empresa

consideraranse empregadores se a empresa ten asalariados, independentemente de que o empresario teña ademais un contrato como asalariado na súa propia empresa, e empresario sen asalariados se non os ten. A participación na empresa considerarase que é significativa cando o enquisado teña o seu posto de traballo en virtude da contía desta participación.

Os integrantes dun consello de administración dunha empresa constituída en sociedade non se considerarán traballadores da empresa polo só feito de acudir ao consello de administración. Para ser considerados traballadores dela deberán ser empresarios, axudas familiares ou asalariados da mesma, codificándose a situación profesional que corresponda.

*Membro de cooperativa de traballo asociado que traballa na mesma.* Son todos aqueles socios dunha cooperativa de produción (incluídos os socios das sociedades anónimas laborais) que traballan nela. Polo tanto, inclúense os socios traballadores das sociedades anónimas laborais, das cooperativas de traballo asociado, das cooperativas de explotación comunitaria da terra, etc. Non se inclúen os asalariados que traballen nas cooperativas.

*Outra situación.* Esta opción de “outra situación” resérvase só para casos moi concretos, por exemplo:

- Persoas que cooperan no traballo dun asalariado e que non poden ser codificadas como axudas familiares (xa que para iso ten que haber un empresario ou traballador independente na unidade familiar do que serían axuda familiar). Por exemplo, os traballadores do sector téxtil nos seus propios domicilios, que perciben un salario por iso e son axudados por outros membros da unidade familiar.
- Persoas que traballan nun departamento universitario cunha bolsa asociada a un proxecto de investigación terían difícil encaixe nas categorías anteriores (non están contratados pola Universidade nin son financiados por ela).

**Razóns de ausencia de emprego.** As posibles razóns de ausencia do emprego recollidas na enquisa son as seguintes:

*Novo emprego no que aínda non empezara a traballar.* Contestan esta opción os que atoparan un emprego na semana de referencia ou antes sempre que non empezaran a traballar nel.

Se a semana de referencia estivera ausente do traballo por calquera outra causa, e ademais se dera o caso de ter previsto un novo emprego no que traballará proximamente, debe anotar a causa da ausencia na súa ocupación actual.

*Vacacións ou días de permiso.* Se a ausencia é debida a vacacións legais de carácter retribuído e non recuperable, permisos, pontes, etc. Co mesmo carácter inclúense os días de festa.

Tamén se refire ao tempo regulamentario concedido a nai ou pai co motivo do nacemento dun fillo. O tempo dedicado ao coidado dos fillos despois dese período non entraría neste apartado.

*Enfermidade, accidente ou incapacidade temporal do enquisado.* Refírese a calquera destas causas sufridas polo enquisado.

*Paro parcial por razóns técnicas.* Cando a empresa na que está a traballar o enquisado fai un paro na súa actividade produtiva por razóns de carácter técnico alleos a súa vontade. Razóns técnicas coma falta de subministracións, avarías nas máquinas, falta de persoal especializado, interrupción da forza motriz, accidentes atmosféricos, etc.

*Fixo discontinuo ou traballador estacional na época de menor actividade.* Se se atopase en período de baixa actividade no que non desempeñe o seu traballo e á espera de reincorporarse.

*Atópase en expediente de regulación de emprego.* A situación dos traballadores afectados por un expediente de regulación de emprego que dea lugar a suspensión ou a redución de xornada.

*Actividades sindicais ou formativas.* Cando na semana de referencia, a realización de tarefas sindicais que non son a ocupación habitual, lle fixo estar lonxe do seu traballo, ou tamén a realización de tarefas formativas.

*Problemas meteorolóxicos.* Se as condicións climáticas lle impediron a realización do traballo (agricultores, pescadores, etc).

*Folga ou conflito laboral.* A desavinza entre o empregador e os seus empregados motivada por falta de acordo nas condicións económicas ou sociais a consecuencia da cal se producen interrupcións ou anormalidades no desenvolvemento do traballo nas que participa activamente o traballador. Se por causa dun conflito desta índole a produción resultara obstaculizada (por exemplo por falla de subministro, imposibilidade de acceso ás instalacións, etc.) e o traballador, alleo a tal evento, se viu impedido no seu traballo, o considerará paro parcial por razóns técnicas.

*Outras razóns.* Especificase a razón pola que non traballou.

### **Tipos de contrato**

Con carácter xeral, un emprego defínese como **temporal** cando a finalización do contrato ou relación laboral queda determinada por condicións obxectivas, coma a expiración dun prazo, a realización dunha tarefa determinada, a reincorporación dun empregado ao que se substituíra temporalmente, a realización dun período de prácticas, etc. En todo caso, neste tipo de contratos as condicións da súa finalización xeralmente aparecen recollidas no contrato.

Se non existen criterios obxectivos para o cese nun emprego ou a finalización dun contrato, este debe considerarse como de duración **indefinida**.

No caso das persoas que traballan a domicilio, como poidan ser as asistentes externas, profesores particulares, masaxistas, perruqueiras, etc, e que se desprazan ao domicilio do que reciben o servizo, terase en conta o seguinte:

- Se a persoa traballa nunha soa vivenda e se acordou unha duración fixa ou unha data de finalización, considérase que o tipo de contrato ou relación laboral é temporal.
- Se a persoa traballa en varias vivendas (polo tanto, traballador independente) ou non se acordou unha duración fixa ou unha data de finalización, considérase que o contrato é indefinido.

Tívoise en conta a posibilidade de codificar situacións laborais sen contrato legal.

**Tipos de xornada.** Distínguense:

*Traballo a tempo completo.* Cando a xornada se axusta á legalmente establecida. A xornada laboral soe estar regulada polo Convenio Colectivo que regula as relacións dos traballadores coas empresas onde traballan, ou nas leis estatais. En España a xornada laboral legal é de 40 horas semanais.

*Traballo a tempo parcial:* Ten unha xornada laboral inferior á legalmente establecida.

Por outro lado cabe distinguir:

*Xornada continuada.* Cando se inicia e finaliza a xornada cunha soa interrupción de quince a trinta minutos para descansar ou tomar algún alimento.

*Xornada partida.* Cando á metade da xornada hai unha interrupción do traballo de ao menos unha hora de duración.



**Tipos de pensións, prestacións e subsidios.** Recóllense os seguintes tipos:

*De desemprego.* Inclúense neste apartado tanto as prestacións de desemprego de nivel contributivo, os subsidios por desemprego e a RAI (renda activa de inserción).

A prestación por desemprego substitúe, total ou parcialmente, a perda de renda do traballador debida á perda do seu emprego. A duración da prestación está en función dos períodos de ocupación cotizados e soe ter un máximo de dous anos.

Poderán ser beneficiarios do subsidio por desemprego os desempregados que, figurando inscritos como demandantes de emprego durante o prazo dun mes, sen ter rexeitado ningunha oferta de emprego adecuada nin negarse a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais, e carecendo de rendas de calquera natureza superiores, en cómputo mensual, ao 75 por 100 do Salario Mínimo Interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Traballadores que esgotaron a prestación contributiva por desemprego e teñen responsabilidades familiares.
- Traballadores maiores de 45 anos que esgotaron a prestación por desemprego e non tiveran responsabilidades familiares.
- Traballadores españois emigrantes retornados de países non pertencentes ao Espazo Económico Europeo, ou cos que non exista convenio sobre protección por desemprego, acrediten traballar como mínimo doce meses nos últimos seis anos nestes países dende a súa última saída de España, e non teñan dereito a prestación por desemprego,
- Traballadores que, ao producirse a situación legal de desemprego, non cubriran o período mínimo de cotización para acceder a unha prestación contributiva.
- Liberados de prisión.
- Traballadores que sexan declarados plenamente capaces ou con incapacidade parcial como consecuencia de expediente de revisión por mellora dunha situación de gran invalidez, incapacidade permanente absoluta ou total para a profesión habitual.
- Subsidio especial para traballadores maiores de 45 anos que esgotaran a prestación por desemprego de vinte e catro meses.
- Subsidio por desemprego para traballadores maiores de 52 anos (subsidio de prexubilación)

O obxectivo do Programa de Renda Activa de Inserción, regulado polo Real Decreto 1369/2006, de 24 de novembro, é incrementar as oportunidades de retorno ao mercado de traballo de determinados colectivos de traballadores desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego. Estes colectivos son os desempregados maiores de 45 anos,

emigrantes retornados, persoas con discapacidade, vítimas de violencia de xénero e vítimas de violencia doméstica.

O programa comprende medidas de políticas activas de emprego, xestionadas polos Servizos Públicos de Emprego coa finalidade de incrementar as oportunidades de reinserción laboral, e o abono dunha prestación económica, denominada renda activa de inserción, xestionada polo Servicio Público de Empleo Estatal, vinculada á realización das accións en materia de políticas activas de emprego que non conleven retribucións salariais.

*RISGA.* A Renda de Integración Social de Galicia é unha prestación social de carácter periódico destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, mediante un proxecto personalizado de inserción constituído por un conxunto de accións tendentes á mellora da integración persoal, familiar e, se é o caso, laboral da persoa beneficiaria.

*Pensión de orfandade.* Os beneficiarios son os fillos do causante (traballador falecido), os fillos póstumos, os fillos adoptados e os fillos do cónxuxe supervivente.

*Pensión de viuvez.* Os beneficiarios desta pensión son o cónxuxe ou ex-cónxuxe do falecido.

*Pensión de invalidez (ou incapacidade).* Os beneficiarios son as persoas en situación de incapacidade permanente, entendida como a situación do traballador que, despois de rematada a baixa laboral, presenta reducións anatómicas ou funcionais graves que diminúan ou anulen a súa capacidade laboral.

*Pensión de xubilación.* Son beneficiarios da pensión de xubilación os traballadores que cesan total ou parcialmente do seu traballo por causa da idade.

*Pensións, prestacións e/ou subsidios doutros países.* Aquelas recibidas por persoas que estean residindo en España e que procedan das Administracións doutros países polo motivo que sexa.

*Pensións por emigración:*

- *Pensión asistencial por ancianidade a favor dos emigrantes españois retornados.* É unha prestación periódica que trata de garantir un mínimo de subsistencia aos emigrantes españois beneficiarios das pensións asistenciais de ancianidade que retornen a España.
- *Pensións a favor dos españois retornados que emigraron durante o período 1936-1942.* Os españois que emigraron de España durante o período 1936-1942 como consecuencia da guerra civil, terán dereito cando retornen a España, a ser beneficiarios de forma transitoria das pensións asistenciais por ancianidade establecidas a favor dos emigrantes españois, sempre que reúnan tódolos requisitos, excepto o de residencia no estranxeiro, ata que acaden o dereito a unha pensión do sistema da Seguridade Social ou outra pensión pública.
- *Subsidio de desemprego para emigrantes retornados.* É unha prestación de carácter periódico dirixida a protexer aos emigrantes retornados en situación de desemprego. Estas non se inclúen dentro de pensión por emigración, senón dentro do apartado de prestacións por desemprego.

*Outras.* Calquera outro tipo de pensión, prestación ou subsidio que non apareza contemplado nas outras opcións.

**Formación Profesional Ocupacional.** Ten como obxectivo ofrecer ás persoas desempregadas, unha cualificación profesional concreta vinculada ás esixencias do mercado laboral mellorando así as oportunidades de acceso ao traballo. Esta formación vai dirixida a calquera persoa maior de 16 anos pero fundamentalmente a aqueles e aquelas que teñen especiais dificultades de acceso ao mercado laboral.

**Itinerario Personalizado de Inserción.** É o procedemento utilizado para promover a inserción laboral das persoas desempregadas dende a orientación laboral, e entendéndose como a definición, realización e seguimento dunha secuencia concatenada de accións que melloren a empregabilidade da persoa demandante de emprego.

No IPI o persoal técnico de emprego asesora á persoa no proceso de busca de emprego de forma personalizada, explorando alternativas de inserción socio-laboral. Para isto, realízase unha primeira entrevista de valoración consistente na análise de actitudes, intereses e necesidades, e a valoración dos coñecementos, destrezas e competencias. A partir da información obtida acórdase coa persoa o itinerario a seguir.

## 4. Unidades de análise e mostraxe

As unidades de análise e mostraxe coinciden. Son o conxunto de DENOS (Demandantes de emprego non ocupados) que figuraban nos ficheiros do Servizo Público de Emprego a data 31 de outubro de 2008. Con motivo do desfase entre o momento en que se seleccionou a mostra e o momento en que se realizou a enquisa, optouse por eliminar da mostra a aquelas persoas que xa non deberan figurar nela por deixar de estar incluídas no paro rexistrado. Isto provocou unha redución da mostra dun 4%.

## 5. Deseño da mostra

### Tipo de mostraxe

A mostraxe utilizada foi estratificada seleccionándose unha mostra independente dentro de cada estrato. As unidades seleccionadas foron os demandantes de emprego non ocupados.

Os criterios para definir os estratos foron: a provincia, o sexo e o grupo de idade. Distinguíronse os seguintes grupos de idade: [16-29],[30-44],[45-59] e [60 e máis], resultando un total de 32 estratos.

O reparto da mostra por estratos fíxose mediante afixación proporcional ao tamaño do estrato.

### Selección da mostra

Dentro de cada estrato os DENOS foron seleccionados mediante mostraxe sistemática con arranque aleatorio.

### Tamaño da mostra

O tamaño de mostra resultante foi de 4.840 unidades. Por mor das razóns expostas no apartado 4, a mostra reduciuse en 199 persoas.

### Estimadores

Os estimadores utilizados nesta enquisa son estimadores de expansión. Ao ser mostraxe estratificada con afixación proporcional ao tamaño dos estratos, o factor de elevación debería ser o mesmo para toda a mostra. Sen embargo, debido a pequenos desaxustes na mostra efectiva, o factor de elevación é lixeiramente diferente segundo o estrato.

A fórmula para estimar a proporción de persoas cunha determinada característica A é a seguinte:

$$\hat{P} = \frac{1}{N} \sum_h f_h \sum_{i=1}^{n_h} A_{hi}$$

sendo:

N = tamaño da poboación total de DENOS

$f_h = \frac{N_h}{n_h}$  factor de elevación do estrato h, onde  $N_h$  é o tamaño da poboación de DENOS no

estrato h e  $n_h$  é o tamaño da mostra de DENOS no estrato h.

$A_{hi}$  toma o valor 1 se a unidade mostral i do estrato h posúe a característica A e 0 senón.

$\sum_{i=1}^{n_h} A_{hi}$  é o total mostral de DENOS do estrato h que posúen a característica A.

### Cálculo dos erros de mostraxe

O estimador insesgado da varianza do estimador da proporción na mostraxe estratificada toma a seguinte expresión:

$$\hat{V}(\hat{P}) = \sum_h W_h^2 \frac{N_h - n_h}{N_h} \frac{\hat{P}_h \hat{Q}_h}{n_h - 1}$$

onde

$W_h = \frac{N_h}{N}$  é o peso de cada estrato sobre a poboación total

$\hat{P}_h$  é a estimación da proporción no estrato h

$\hat{Q}_h = 1 - \hat{P}_h$ , se  $\hat{P}_h$  é a proporción de DENOS que posúen unha determinada característica A no estrato h,  $\hat{Q}_h$  representa a proporción de DENOS que non posúen esa característica.

A estimación do erro relativo de mostraxe obtense como  $\hat{E}(\hat{P}) = \frac{\sqrt{\hat{V}(\hat{P})}}{\hat{P}}$

## 6. Recollida da información

### Método de recollida

O método de recollida da información foi a entrevista telefónica á persoa seleccionada, a través dun *Call Center*, mediante sistema *CATI*. Para isto, o cuestionario funcionou a través dunha aplicación informática, cunha dinámica de pantallas que dirixiron o fluxo do cuestionario en función das respostas dadas. Non se aceptou a entrevista 'proxi' (que outra persoa proporcione os datos da persoa seleccionada), pero permitiuse que, en caso de incapacidade da persoa seleccionada, outra persoa lle axudase a dar a información solicitada.

O período de tempo no que se efectuou a recollida de información foron os meses de novembro e decembro de 2008.

## 7. Cuestionario

O cuestionario aos **Demandantes de Emprego 2008**, consta de varios apartados que están destinados a solicitar información sobre a formación das persoas inscritas nas oficinas públicas galegas de emprego clasificadas como non ocupadas: a súa experiencia laboral, a súa situación en relación coa actividade, o seu perfil como demandante de emprego, uso e coñecemento deste servizo, e, para aqueles que se atopen traballando na semana de referencia (a anterior á realización da enquisa) as características do seu emprego. Estrutúrase nas seguintes partes:

- DATOS PERSOAIS
- I. FORMACIÓN
- II. EXPERIENCIA LABORAL
- III. RELACIÓN COA ACTIVIDADE
- IV. CARACTERÍSTICAS DA DEMANDA
- V. CARACTERÍSTICAS DO EMPREGO

O último apartado só se dirixiu aos ocupados (excepto aos que están en expediente de regulación de emprego).

## 8. Presentación de resultados

Aínda que as unidades de investigación da enquisa foron os DENOS (demandantes de emprego non ocupados) a información publicada refírese fundamentalmente aos parados rexistrados (persoas inscritas nos servizos de emprego e contabilizadas dentro do paro rexistrado), pois un dos obxectivos fundamentais da enquisa é clasificar a este colectivo en relación coa actividade (ocupados, parados e inactivos) segundo os criterios das enquisas internacionais de forza de traballo (en España a EPA). Ofrécese tamén a clasificación dos OUTROS DENOS, que non se contabilizan dentro do paro rexistrado, pero que poden cumprir os criterios para considerarse parados segundo a OIT.

A publicación dos resultados da enquisa estrutúrase en dous apartados: relación coa actividade e características da demanda.